

Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2024

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 5 de abril de 2024 aprobou as seguintes:

BASES REGULADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2024 (EXPTE. 89113/332).

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento para a selección e adjudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar parte dos seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estada formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hotéis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Estas bolsas municipais non contribuirán a sufragar gastos distintos aos estritamente mencionados anteriormente na presente base.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2024, e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2024.

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
50	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	85.000,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	18.700,00
8	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
15	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	25.500,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	5.800,00
10	Xapón	B1, B2	2.200,00	22.000,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
100				175.000,00 €

No caso de non se cubriren a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

dotación económica da bolsa que xerou a vacante a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda.

E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2024, cuxa síntese se inclúe como Anexo das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 "Becas estudos internacionais" do exercicio de 2024.

TERCEIRA.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTA.- Procedemento da concesión

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- I.- Estar empadroadado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2023, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- II.- Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa.
- III.- Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2023-2024.
- IV.- Ter aprobados dous cursos oficiais presenciais ou semipresenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

V.- Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI.- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos cinco cursos académicos nun idioma diferente.

VII.- Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII.- Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no Formulario de Solicitud on line, en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

IX.- Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

X.- Estar situado nun lugar da orde de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados/as.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das bolsas, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas.

- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e á Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

SEXTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2024, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SÉTIMA.- Solicitudes e documentación

1. SOLICITUDES:

Para iniciar o proceso de presentación de solicitude durante o prazo habilitado ao efecto, os interesados deberán cubrir o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible na páxina <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>. Unha vez cuberto este formulario, gravaranse os datos na aplicación en liña, o que permitirá ao interesado/a elixir posteriormente entre a presentación telemática a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial a través da oficina de rexistro.

Unha vez cuberto en liña o formulario, é requisito imprescindible asinalo e rexistralo por algunha das seguintes vías:

- Solicitude telemática (vía preferente): Entrando na ligazón web <https://www.vigo.org/solicitude-bolsaseoiv>, cubrir os campos requiridos, premer o botón “tramitar por internet” e acceder á carpeta cidadá para rexistrar o formulario de solicitude. (deberá dispoñer de certificado dixital, DNI electrónico, usuario e contrasinal do Concello...), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar na ligazón “https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma”.

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- Solicitude presencial: Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na páxina web <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>, deberase obrigatoriamente imprimir e asinar polo solicitante e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9:00 a 13:30 horas (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web “citaprevia.vigo.org”), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o/a funcionario/a da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa “Vigo en Inglés” ubicada no Servizo municipal de Educación (a través do e-mail “vigoeningles@vigo.org”), xustificante do envío postal.

É imprescindible que o formulario de Solicitude vaia asinado, o que poderá facerse manual ou dixitalmente.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV, así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. DOCUMENTACIÓN:

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitude, na sede electrónica ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro.

- Formulario de solicitude debidamente cuberto e asinado.

- Fotocopia simple do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).

- Xustificación de ingresos: unicamente aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. No caso de non ter presentada a declaración da renda, teranse en conta os datos fiscais que proporcione a Axencia Tributaria. A non presentación da documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle outorgará cero puntos.

- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:

- A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos, no idioma no que solicita a bolsa.

- Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2023-2024.

- Fotocopia simple do libro de familia completo na que figuren todos os membros da unidade familiar (no caso de non ter libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar) ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.

- Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social; só para os solicitantes que se opoñan expresamente á consulta e verificación telemática dos seus datos. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a obter os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e Seguridade Social.

- A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

- Certificado de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego Galego que acredite a situación de desemprego e Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas, ou ocultando aquelas que o impedisen, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custo da bolsa concedida e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Tramitación e emenda de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que no prazo de 10 días hábiles, emende a solicitude ou acompañe os documentos preceptivos coa advertencia de que, no caso de non o facer, se entenderá que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

NOVENA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco cursos académicos, contados a partir do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.

- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.

No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

- Con todo, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordenándose a lista por este criterio para adjudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade. As bolsas serán adjudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

- Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista de agarda ordenada pola puntuación final obtida para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adjudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

DÉCIMA.- Comisión de Valoración

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituirase unha Comisión de Valoración, que estará integrada pola concelleira delegada de Educación, Dna. Olga Alonso Suárez que actuará de presidenta; a xefa do Servizo de Educación, Dna. María José Loureiro Bada e o técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vogais da mesma: a Directora da EOIV, Dna. Laura Torrado Mariñas, e a Vicedirectora da EOIV, Dna Helen Avery Burr.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que aínda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente, que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Concedidas.
2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación.
3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación publicarase na páxina web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e no taboleiro de anuncios e web da EOI Vigo (www.eoidevigo.org).

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación da axuda

Os alumnos e alumnas aos que se lles adxudique a axuda definitiva, previo acordo da Xunta de Goberno Local, e polo tanto que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas, deberán tramitar no prazo habilitado ao efecto vía telemática no sitio web “<https://vigo.org/bolsaseoiv>” a aceptación expresa da axuda asignada. Para isto disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

A non xustificación da aceptación da axuda mediante a tramitación do proceso anteriormente descrito, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á axuda adxudicada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Xestión de prazas vacantes por renuncias

No caso de que un beneficiario/a definitivo de bolsa de calquera dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases renunciase á mesma, a bolsa vacante xerada por esta renuncia será ofertada por chamamento directo ao alumnado incluído na lista de agarda do mesmo idioma no que se produce a renuncia, segundo a relación de lista de agarda do dito idioma, aprobada pola Xunta de Goberno Local.

No caso de non existir lista de agarda no idioma no que se produce a renuncia, a bolsa vacante acumularase automaticamente a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda, que serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de se produciren empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor, e no caso de persistir o empate, darase preferencia ao solicitante de maior idade.

DÉCIMO CUARTA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística facturas orixinais, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao carimbado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal carimbado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

Este pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa debera realizarse polo/a beneficiario/a antes do remate do mes de outubro do ano 2024.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

1. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas Bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

2. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2024) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

PERDA DO DEREITO AO COBRO:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da/o beneficiaria/o da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de subvencións de Galicia. A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2023-2024 dará lugar ao reintegro da cantidade percibida.

DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente as Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), correspondentes ao ano 2024.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición para os efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:BF0P9F8VFF8XN1B



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerese polas súas bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estas bolsas de estudos están recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de marzo de 2024.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.

Vigo, na data da sinatura dixital

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventudes, Elena Espinosa Mangana (segundo Resolución de data 20/06/2023)



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

ANEXO

*PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO
DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.**(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2024)*

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo das Bolsas “Concello de Vigo 2024” no día 07 de Marzo de 2024.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprirase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

- **Duración do curso contratado:** 2 semanas (días lectivos: luns – venres)
- **Número mínimo de horas lectivas por semana contratadas:** 15 horas / semana (podendo ser divididas en leccións dunha duración mínima de 45 minutos, por exemplo 20 leccións de 45 minutos ou 18 leccións de 50 minutos)
- **Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.
- **Número máximo de estudantes por aula:** 16 alumnos.
- **Profesorado Nativo** na lingua de destino.
- Realización de **Test de nivel**.
- **Diploma acreditativo** da realización do programa.
- **Características dos centro de estudos:**
 - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso do Reino Unido debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posíbel, por algún organismo nacional ou internacional.
 - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: Hotel, hostel ou Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

3. Desprazamentos

O desprazamento poderá ser en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou avión dende o aeroporto de Vigo á cidade de destino, tanto na ida como na volta. Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo-lingüística quedan excluídos do Programa. Só nos destinos no Reino Unido e Irlanda, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

Nos destinos no Reino Unido ou Irlanda, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas.

5. Seguros

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

Distribución e desglose das cuantías económicas das bolsas por destino:

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
50	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	85.000,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	18.700,00
8	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
15	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	25.500,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	5.800,00
10	Xapón	B1, B2	2.200,00	22.000,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
100				175.000,00.- €

Recoméndase aos posíbeis beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo 2024” contratar a prestación dos servizos da viaxe, curso e estadía cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).

Entendemos que para cada beneficiario/a pode resultar unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o desfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que se garante unha xestión máis efectiva e eficiente recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e da mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

Programa formativo: características específicas recomendábeis

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Reino Unido / Irlanda	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	50
Francia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	11
Alemaña /Austria	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	8
Italia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	15
Portugal	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	4
Xapón	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	10
China	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	2

Total Boleiros: 100

Características Destinos / Estadías:

Reino Unido / Irlanda	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo -A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.
Situación:	Deberá estar ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 50	

Francia:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel e Diploma Acreditativo -A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 11	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación:BF0P9F8VFF8XN11B



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

Alemaña / Austria	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
8	

Italia:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
15	

Portugal:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
4	



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

Xapón:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
10	

China:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
2	

